



Asunto: Autorización de uso de dominio público para a realización da actividade de cars a pedais.

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE URBANISMO, PROTECCIÓN CIDADÁ, SERVIZOS E FESTAS

En data 30 de marzo de 2015, aprobouse o expediente para a autorización de uso de dominio público para a realización da actividade de cars a pedais. Asemade, aprobáronse na mesma data os pregos de condicións técnicas e de condicións do outorgamento da concesión e dispúxose a publicación de anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Logo da publicación do correspondente anuncio, o prazo de presentación de solicitudes rematou o día 3 de xuño de 2015. Examinada a documentación da única solicitude recibida e da subsanación realizada, resulta ser conforme co esixido nos pregos que rexen esta autorización.

En data 18 de xuño de 2015, ditouse Resolución sobre proposta de autorización a favor de dona Inés Méndez Duarte, a cal achegou a documentación prevista nos pregos (núm de Rex. 2015022444, con data de 26 de xuño de 2015).

Á vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Autorizar a dona Inés Méndez Duarte, con DNI 76928600V, para a ocupación de dominio público para a prestación da actividade de cars a pedais, segundo o establecido nos pregos que rexen esta autorización e coas condicións que a continuación se mencionan:

- 1.- O terreo municipal que é obxecto desta autorización destinarase unicamente á instalación dunha caseta (segundo o establecido na proposta da autorizada) para a actividade de cars a pedais segundo os pregos de condicións que rexen esta autorización.
- 2.- O réxime económico ao que se suxeita a autorización é a realización pola autorizada ao seu custo de tódalas prestacións mínimas que figuran no prego, incluíndo as melloras incluídas na súa oferta así como o pagamento de taxas, tributos e demais gastos que procedan conforme se dispón no prego de condicións que rexe esta autorización.
- 3.- A autorizada prestou unha garantía de 6.000 euros.
- 4.- A autorizada asumirá os gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar o ben obxecto de autorización segundo a súa natureza e entregar, á extinción da autorización, o terreo municipal ocupado en perfecto estado de conservación e uso nos termos fixados no prego de condicións que rexe esta autorización.
- 5.- A autorizada asumirá o compromiso da previa obtención, ao seu custo, de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben ou a actividade a realizar sobre o mesmo.
- 6.- A autorizada acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos previstos no art. 92.4 da Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas.
- 7.- A responsabilidade derivada da ocupación do terreo municipal será asumida íntegramente pola autorizada.
- 8.- O Concello de Pontevedra poderá, en calquera momento, inspeccionar o terreo municipal obxecto de autorización para garantir que o mesmo é usado de acordo cos termos da autorización.
- 9.- A autorización que se outorga terá unha duración dun ano a contar desde a data desta resolución, conforme se dispón a continuación:

O periodo de duración dentro de cada ano natural será desde o 1 de abril ata o 30 de outubro de cada ano cos seguintes horarios:

- De luns a xoves que non sexan festivos: desde as 16:00 horas ata as 21:00 horas.
- Venres, sábados, domingos e festivos: desde as 11:30 ata as 21:00 horas.

Este periodo dun ano, na forma e no horario establecido anteriormente, será prorrogable por periodos dun ano ata un máximo de tres. En total, sumando o ano inicial e as prórrogas non pode superar 4 anos.

A prórroga pode producirse únicamente a instancia da autorizada e axustarase ás seguintes regras:

a) A autorizada debe solicitalo dous meses antes de que transcorra o prazo de finalización da autorización ou das eventuais prórrogas e debe ser aceptada de modo expreso polo Concello. Se a prórroga se solicita polo autorizado e non se contesta polo Concello antes de que venza o prazo de duración ou da prórroga, entón procede a extinguirse automaticamente a autorización polo vencemento do prazo e enténdese non prorrogada.

b) A autorización de prórrogas polo Concello será discrecional e examinará no seu momento a concorrencia doutros posibles intereses públicos ou necesidades respecto do terreo municipal obxecto de autorización, o grao de cumprimento das súas obrigas pola autorizada, etc.

O establecemento dun prazo de duración da autorización ou as prórrogas enténdese, en calquera caso, sen prexuízo da facultade municipal de extinguir a autorización, de conformidade co previsto no prego de condicións e na lexislación xeral de aplicación a ésta.

10.- Calquera cesión ou subrogación que se realice ou negocio similar require previa autorización municipal.

11.- As causas de extinción serán as previstas no artigo 18 do prego de condicións desta autorización demanial.

12.- Esta autorización rexerese polo disposto no prego de condicións do outorgamento dunha autorización para a ocupación de dominio público para realizar a actividade de cars a pedais e o prego de condicións técnicas para a instalación de casetas con destino á actividade de cars a pedais aprobados por Resolución da Concelleira de Protección Cidadá, Servizos e Festas de data 30 de marzo de 2015, e no non previsto nestes pregos, será de aplicación a Lei 33/2003 de patrimonio das Administracións Públicas; RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais; TRLCSP; RD 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral en desenvolvemento do anterior; RD 817/2009, de desenvolvemento parcial da LCSP; Lei 7/85 de 2 de abril e RD Lex. 781/86, do 18 de abril, ordenanzas fiscais do Concello de Pontevedra vixentes en cada momento; normativa aplicable á contratación e bens locais e demais normativa que sexa aplicable en cada momento.

Segundo.- Publicar anuncio desta proposta na páxina web do Concello, e conforme ao establecido no prego de condicións, comunicarllo a dona Inés Méndez Duarte telefónicamente.

Terceiro.- Dar traslado desta Resolución ao Servizo de Xestión Tributaria e demais Ingresos de Dereito Público do Concello para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Pontevedra, 1 de xullo de 2015
A Concelleira de Urbanismo, Protección
Cidadá, Servizos e Festas



Maria Carme da Silva Méndez

Dou feo Secretario da Admón. Municipal



José Carlos Castiñeira Piñeiro